

A HISTORIA INTERMINABEL

133

[Wolfgang Petersen, 1984]

ESTREA EN NUMAX: 22.07.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Die unendliche Geschichte (1984, 94')

Dirección: Wolfgang Petersen

Guión: Wolfgang Petersen, Herman Weigel (Libro: Michael Ende)

Reparto: Barret Oliver, Noah Hathaway, Moses Gunn, Tami Stronach, Patricia Hayes, Sydney Bromley, Thomas Hill, Deep Roy

Montaxe: Jane Seitz

Dirección de arte: Johann Kott, Herbert Strabel, Götz Weidner

Vestuario: Count Ul De Rico, Diemut Remy

Son: Mike Le Mare

Música: Giorgio Moroder, Klaus Doldinger

Fotografía: Jost Vacano

Produtora: Neue Constantin Film, Bavaria Studios, Westdeutscher Rundfunk (República Federal Alemá), Warner Bros (Estados Unidos)

Distribuidora: 39 escalones

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Poseidón, 2006

Troya, 2004

La tormenta perfecta, 2000

En la línea de fuego, 1993

La noche de los cristales rotos, 1991

Enemigo mío, 1985

Das Boot. El submarino, 1981

La consecuencia, 1977

PREMIOS

Academia de Sci-Fi, Fantasía e Terror 1985 (mellor actor mozo — Barret Oliver—), Fantasporto 1985 (nomeado a mellor filme), Premios do cinema alemán (mellor deseño de produción)

SINOPSE

Escondido no faiado do seu colexio, Bastian devora durante as horas de clase un libro enigmático que relata a paulatina destrución do Reino de Fantasía. Unha especie misteriosa destrúe o país e as criaturas que o habitan. A medida que avanza na lectura, Bastian decátase de que a salvación de Fantasía depende del; de que consiga entrar dentro do libro.

«Un deses poucos casos que son verdadeiras obras mestras da fantasía»

Joshua Tyler, CINEMABLEND



A HISTORIA INTERMINÁBEL

[Wolfgang Petersen, 1984]

“Un acto de imaxinación sen fin”

Por Roger Ebert

O reino de Fantasía está a piques de ser arrasado e o inimigo non é unha bruxa malvada ou un artefacto termonuclear, é a Nada. Isto é, unha inexorábel onda de Nada está a varrer o reino, destruindo todo ao seu paso. Eran todos os filmes infantís tan nihilistas nos vellos tempos?

O único que permanece de pé entre Fantasía e a Nada é a fe dun pequeno chamado Bastian (Barret Oliver). El descobre o reino nunha máxica librería e, segundo comeza a devorar a aventura que albergan as páxinas do libro que ten nas mans, empeza a converterse nalgo tan real que até os personaxes da historia saben de Bastian. Como puido suceder? Esa é a primeira pregunta que se fai Bastian. Trátase dun rapaz moderno cunha boa dose de san escepticismo. Pero que pode facer se ao pasar a páxina a Emperatriz (Tami Stronach) lle pedi que lle dea a súa palabra de que Fantasía ha ser salvado?

A idea da historia dentro da historia é un dos fermosos toques d'*A historia interminábel*. Outra reside na idea de que a fe dun neno é quen de mudar o curso das cousas. Pode que desde que en *Peter Pan* (Clyde Geronimi, Hamilton Luske, Wilfred Jackson, Jack Kinney, 1953) se lle pediu ao público que salvase a Tinker Bell, non houbo outra historia que solicitase de xeito tan claro á infancia a súa disposición para crer. E hai moito no que crer n'*A historia interminábel*, e esa é outra das grandes fortalezas do filme. Contén algún dos efectos especiais máis inventivos nun tempo no que as batallas no espazo exterior se converteron en rutina. Ollade un exemplo da época. En *Starfighter: La aventura comienza* (Nick Castle, 1984) os efectos especiais son solventes mais nunca orixinais —todos os conceptos visuais foron tirados de *Star Wars*— e logo ollade este filme, onde un mundo completamente novo foi creado.

O mundo de Fantasía contén criaturas inspiradas en *Alicia no país das maravillas* (un pequeno home enriba dun caracol de carreiras) e *The Muppets* [Os teleñecos] (un adorábel

can-dragón que pode voar). Moitos dos efectos especiais botan man dun sofisticado uso de criaturas co aspecto dos Teleñecos, con escenas que remiten a *El cristal oscuro* (Jim Henson, Frank Oz, 1982). Estes efectos son, dalgún xeito, máis convincentes cá animación, pois existen en tres dimensións e teñen a mesma profundidade que os personaxes humanos. E esa ilusión, asemade, axuda a reforzar os efectos máis convencionais como a animación, retroproxección e demais. O mundo nestes filmes aseméllase a un lugar moi particular, e a dirección de arte engádelle boas doses de animación. O director do filme, Wolfgang Petersen, está afeito a crear mundos en espazos reducidos. O seu anterior filme, *Das Boot. El submarino* (1981) tiña lugar case integramente nun submarino.

Dentro do mundo de Fantasía un heroe mozo (Noah Hathaway) ten que completar unha perigosa misión: introducirse a través do temido portal dunhas amazonas de pedra e chegar á Torre de Marfil, onde recibirá novas instrucións da emperatriz. Na meirande parte dos filmes, esta misión sería contado dun xeito directo, sen o complemento da historia que o rapaz está a ler no libro.

Mais *A historia interminábel* trata do propio feito de contar unha historia, razón pola cal as artimañas do neno para ler agochado no ático, pasando as páxinas sen respirar, cobran interese. Permítenlle ao rapaz saber que a historia non é apenas unha sucesión de acontecementos, a narración é un acto de imaxinación sen fin.

Extraído de: www.rogerebert.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La historia interminable, Michael Ende. Alfaguara / Santillana, 2002
A sopeira e o cazo, Michael Ende. SM, 2007
Jim Botón y Lucas el Maquinista, Michael Ende. Noguer, 2009
Momo, Michael Ende. Santillana, 2016

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME